

NORMATIVA DE CESIÓN DE USO DE ESPAZOS UNIVERSITARIOS

Preámbulo

A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público con personalidade xurídica propia que, dende a súa creación, veu dotándose dos medios necesarios para o desenvolvemento das funcións que lle son propias como institución universitaria, en particular as referidas ás actividades docentes e de investigación; así como as instalacións precisas para o apoio administrativo desas actividades e, en xeral, aquelas que prestan atención á comunidade universitaria.

Como institución aberta a súa contorna, a Universidade de Vigo pon o seu patrimonio a disposición da sociedade e a cultura, para que outros sectores da sociedade aproveiten igualmente o goce deses lugares e instalacións, sempre garantindo que as necesidades académicas da universidade se atopen satisfactoriamente atendidas.

Foméntase deste xeito o acceso a recursos públicos, titularidade da universidade, por axentes sociais, que poderán desenvolver nesas dependencias actividades de curta duración; entre outras, a impartición de cursos, a celebración de exames ou oposicións, a organización de congresos e reunións de carácter cultural, académico ou científico, a apertura de exposicións e outras actividades culturais e sociais.

A experiencia acumulada nos anos anteriores recomenda regular estas cesións de forma que a UVigo ofrezca unha imaxe de eficacia e transparencia ante outras entidades así como establecer un procedemento que permita axilizar as accións derivadas da actividade de reserva e cesión de espazos.

A presente normativa articula o réxime de utilización temporal de edificios, dependencias, instalacións e espazos, abertos ou pechados, da Universidade de Vigo por institucións, públicas e privadas, distintas da universidade que o soliciten para os seus propios fins e actividades. Nesos supostos, con carácter xeral, a cesión realizarase Universidade de Vigo a cambio dunha contraprestación económica que permita sufragar os gastos que a organización dun evento pode ocasionarlle, de xeito que non supoña custos adicionais á Universidade.

Sempre que se garanta que esa utilización externa de espazos atópase supeditada ás necesidades institucionais, o ofrecemento das instalacións da Universidade de Vigo á sociedade en xeral supón un exercicio de responsabilidade social universitaria que completa o conxunto das actividades que, por lei, encoméndase á nosa institución.

CAPÍTULO PRELIMINAR

Réxime Xurídico

Artigo 1.

O réxime xurídico aplicable a esta materia, en o non revisto pola presente normativa, será o establecido polas seguintes normas ou por aquelas que as modifiquen ou substitúan:

- En materia de universidades: Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, da Xunta de Galicia e demais normativa de desenvolvemento
- En materia de patrimonio: Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, Regulamento de Patrimonio da Universidade de Vigo.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1.- *Cesión de uso de espazos*

1. As persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, alleas á Universidade, poderán solicitar o uso de espazos en edificios, instalacións e exteriores da Universidade de Vigo.
2. A Universidade de Vigo, a través da Xerencia, poderá autorizar o uso das súas dependencias para a celebración de conferencias, exames, oposicións, congresos, presentacións ou outros eventos, sempre que iso non afecte o desenvolvemento normal das súas actividades académicas, consonte os artigos 13.3 e 27.3 do Regulamento de Patrimonio.
3. Estas disposicións tamén serán aplicables ás unidades funcionais da Universidade de Vigo cando a utilización de espazos á marxe do seu uso habitual xere custos adicionais (seguridade, limpeza, atención de medios audiovisuais ou outros).
4. Non será de aplicación esta normativa no caso de cesión de espazos nos Centros de Apoio á investigación (CAI) a grupos externos á Universidade de Vigo, que se rexerán pola súa normativa específica.

Artigo 2.- *Canon de uso de espazos e outros custos indirectos*

1. O uso dos espazos pode orixinar dous tipos de custos: o custo directo do canon polo uso de espazos e outros custos indirectos que se poidan producir por seren necesarios gastos de limpeza, persoal de seguridade, calefacción, megafonía ou outros.
2. Estes custos estarán determinados nos orzamentos anuais da Universidade ou fixados nos diferentes expedientes de contratación dos servizos correspondentes.

Artigo 3.- *Bonificacións do canon*

1. A Xerencia poderá dispensar do pago total ou parcial do canon cando a utilización non leve aparellada unha utilidade económica ou, cando aínda existindo dita utilidade, a utilización supoña condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela. As dispensas de pago serán comunicadas ao Consello Social.

2. A utilización das instalacións durante un período de 3 ou máis días terá unha bonificación do 30% no canon, sempre que o solicitante non fora previamente dispensado do pagamento parcial.
3. En ningún caso poderán ser dispensados os custos indirectos que se ocasionen, debendo ser asumidos integramente polos peticionarios.

CAPÍTULO II

Procedemento

Artigo 4.- *Solicitud*

1. Os interesados formularán a solicitude de cesión do espazo universitario remitindo o modelo que figura no Anexo I da presente normativa á Xerencia da Universidade de Vigo, ou na dirección establecida ao efecto. A Xerencia poderá emitir cantas instrucións considere oportunas para regular o procedemento de solicitude.
2. Na solicitude deberá identificarse a persoa solicitante e a representación que ostente sobre a organización ou institución petionaria. deberase indicar expresamente o tipo de actividade a organizar, data e horario para o seu desenvolvemento, tipo de espazo desexado e a súa localización
3. Calquera acción adicional ao uso do espazo, como puidera ser a colocación de publicidade, pancartas, catering, mesas, ou a necesidade de sistemas de megafonía/luminotecnia, deberá indicarse na petición e estará suxeito á aprobación e, no seu caso, orzamento da Universidade. Tralo seu uso as instalacións deberán entregarse ordenadas e en perfecto estado de conservación.
4. Tamén deberá indicarse calquera outra circunstancia especial que se deba pór en coñecemento da Universidade (pola propia natureza do acto ou das persoas que van asistir, posibles incidencias, necesidades específicas adicionais, tales como seguridade, atención sanitaria ou outras).
5. O petionario, no momento da solicitude, asume a obriga de soportar calquera gasto adicional, dano ou prexuízo que puidese producirse durante o uso das instalacións.
6. A petición presupón a aceptación das condicións contempladas nesta normativa e tamén daquelas que, dependendo das características da petición, puidese establecer a Universidade de Vigo.

Artigo 5.- *Autorización e orzamento*

A Xerencia autorizará o uso dos espazos coa conformidade previa da persoa que ocupe o Decanato, Dirección de Centro, Administración ou da persoa responsable do edificio.

1. A autorización quedará condicionada a circunstancias sobrevidas ou a outras necesidades que puidesen producirse con posterioridade á mesma, motivo polo cal a Universidade poderá revogar unilateralmente a autorización en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización.
2. Elaborarase un orzamento estimativo que será remitido ao solicitante pola Xerencia ou quen esta designe, ao correo electrónico indicado na petición, e que terá que ser aceptado ou

rexeitado pola mesma vía. A facturación posterior poderá sufrir algunha variación con respecto ao orzado en función dos servizos efectivamente prestados ou requiridos.

3. No caso de celebración de determinados actos públicos, poderase esixir ao peticionario que acredite a subscrición dun seguro de responsabilidade civil en previsión de que, durante o desenvolvemento daqueles, puidese producirse algún sinistro.
4. Con carácter previo ao uso do espazo, a Universidade de Vigo poderá esixir ao peticionario a constitución dunha fianza que garanta a reserva, o seu aboamento, os gastos adicionais e posibles danos que estime que o uso puidese ocasionar.
5. As cantidades orzadas pola utilización das instalacións, locais e/ou servizos, poderanse abonar con carácter previo ao uso, ou ben a posteriori, de acordo co que para cada caso determine a Universidade.

Artigo 6.- *Pagamento*

1. Cando remate o uso autorizado do espazo, a Universidade de Vigo emitirá unha factura que integrará a suma de todos os conceptos efectivamente prestados ou requiridos: canon e os custos indirectos eventualmente xerados (limpeza, seguridade, persoal e servizos ou outros), e que poderá incluír os gastos ocasionados por non entregaren os espazos e elementos neles contidos en debidas condicións. A estes conceptos tamén se lle engadirá o IVE como partida independente.

O importe da factura deberase ingresar na conta corrente da Universidade que se faga constar nese documento.

2. Cando se cancele unha solicitude xa autorizada sen previo aviso ou sen o tempo suficiente para que a Universidade poida desenvolver as xestións pertinentes para a súa cancelación, a persoa solicitante deberá aboar os gastos ou prexuízos que se ocasionaron. A Universidade resérvase o dereito a non considerar solicitudes de quen teña pendente o aboamento de anteriores utilizacións de espazos.

Disposición Final. A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.

ANEXO I

SOLICITUDE DE CESIÓN DE USO TEMPORAL DE ESPAZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| | |
|---|--------------------------------|
| D/Dna. | con N.I.F. nº |
| Tfno: | e dirección de correo-e: |
| actuando no seu propio nome, ou en representación de: | |
| | C.I.F. nº |
| Tfno: | e dirección de correo-e: |
| e domicilio fiscal: | |

SOLICITA a concesión de uso temporal dos espazos da Universidade de Vigo

Sitos no Campus de

No Centro, Servizo ou instalación de :

coa necesidade de medios audiovisuais, informáticos, publicidade, etc. que se indican:

.....

e as necesidades específicas (seguridade, atención sanitaria, etc.) seguintes:

.....

.....

Coa finalidade de desenvolver a seguinte actividade :

.....

.....

No período seguinte: datas: horas:

Aceptando a Normativa establecida ao efecto pola Universidade de Vigo, que declaro coñecer e comprometéndose ao abonamento do canon e os custos indirectos eventualmente xerados, que poderán incluír os gastos ocasionados por non entregaren os espazos e elementos neles contidos en debidas condicións, ou a fianza e seguro de responsabilidade civil que, no seu caso se lle requiran

En a, de de.....

A persoa solicitante